ACTIVIDADES CALENDARIO:

Xustificación:

Ao longo da historia as mulleres foron invisibilizadas o mesmo que a súa contribución á sociedade. A historia estudouse segundo a visión dunha parte da poboación, os homes. Porén, as mulleres ao longo da historia participaron activamente nela, aínda que é difícil atopar probas diso.

Foron moitas as mulleres invisibilizadas, tamén na música, onde apelidos como Mozart e Mendelssohn sempre quedaron relacionados cos homes desas familias. Mais, que pensas se che digo que tamén hai mulleres con estes apelidos que por ser irmás ou esposas de homes famosos estiveron totalmente invisibilizadas? Neste calendario rendemos homenaxe a mulleres creadoras, compositoras que loitaron contra os canons sociais establecidos quedando relegadas a un segundo plano.

Tentamos tamén que todas as nenas teñan referentes femininos en tódolos campos do coñecemento, da cultura e da ciencia. Os 365 días do ano teñen

como efeméride acontecementos sobre mulleres ou logros acadados nas loitas feministas.

Este calendario só é unha mostra. Neste dossier recóllese a biografía das mulleres do calendario e incorporáronse outras moitas mulleres. Ao final deste dossier con actividades recóllense unha serie de recursos para traballar na aula.

Obxectivos:

1. Promover relacións de equidade entre xéneros.
2. Visibilizar a contribución das mulleres na sociedade.
3. Empregar os medios de comunicación como fonte de información.
4. Crear un espírito crítico ante a desigualdade entre homes e mulleres.
5. Corrixir certos aspectos da realidade a través dunha situación lúdica.
6. Facer visible a xenealoxía dos movementos de mulleres con obxectivos feministas.
7. Recoñecer a contribución do feminismo ao desenvolvemento de sociedades democráticas.
8. Visibilizar e valorar a loita de moitas mulleres a prol da consecución dos nosos dereitos.
9. Completar os currículos educativos completos con perspectiva de xénero e feminista.

Metodoloxía:

O alumnado terá un papel activo. Mediante a investigación descubrirá novas situacións. Foméntase o traballo en grupo, o diálogo e o debate para acadar unha aprendizaxe significativa. O papel do profesorado será orientar e guiar ao alumnado así como motiva-los.

l

XANEIRO: MULLERES NA ANTIGÜIDADE E NA IDADE MEDIA.

DE 0 A 3 ANOS

Actividade. "Cambio de roles"

Informamos ás familias das crianzas con antelación para que consigan disfraces de trobadoras e trobadores con instrumentos axeitados á idade de cada un/ha. Programamos un día para un baile de disfraces no que danzaremos música medieval (a canción de Beatriz de Dia "A chantar") acompañando esta con instrumentos (xoguetes, feitos de cartón…).

DE 3 A 6 ANOS

Actividade. "Proxecto. As trobadoras"

Comezamos o proxecto cunha choiva de ideas para coñecer o que sabe o noso alumnado. Decoramo-la aula e as cadeiras con bandeiras que levan escritas a escala musical: DO, RE, MI, FA, SOL, LA, SI, DO e as cadeiras con siluetas de castelos.

- Obradoiro de Artesanía para a elaboración de instrumentos medievais. Empregaremos para esta manualidade material de refugallo e faremos castañolas, axóuxeres, pandeiretas ou tambores con diferentes caixas, garrafas decoradas con gomets, etc.

- Obradoiro de Enxeño. Cun dado xigante (empregamos os pictogramas ou palabras segundo o nivel do alumnado). Dividímola clase en dúas equipas e cada equipa terá que completar o seu mural xigante e poñer un gomet cada vez que adiviñe o vocabulario do noso proxecto. Se lle volvese saír nos dados unha verba xa acadada perde a quenda e tócalle á outra equipa.

Actividade. "Coñece a Beatriz de Día"

Lemos a seguinte carta:

"Ola rapazada¡¡.

Son a trobadora Beatriz de Día. Pola noite visitei a vosa cidade e arredores, recitando cancións e poemas, mais… acho que perdín o meu laúde e preciso del para recitar meus poemas. Serían vosas señorías tan xentís e amábeis e axudarme a atopalo?. Estarei gratamente agradecida, trala súa valente acción ofrecerei un grande banquete medieval.

Atentamente Beatriz de Día".

Trala lectura da carta comezamos cunha choiva de ideas: Que é unha trobadora? Que sabemos sobre a Idade Media? e, Sobre o laúde?

Materiais:

– Vídeo sobre a Idade Media para amplia-lo coñecemento do alumnado:https://www.youtube.com/watch?v=3kQoewZgf-U&feature=share.
– Fichas para traballar a clasificación de instrumentos musicais de percusión, corda e vento.

INSTRUMENTOS MUSICAIS

COLOREAMOS OS INSTRUMENTOS DA FAMILIA DE CORDA



INSTRUMENTOS MUSICAIS

COLOREAMOS OS INSTRUMENTOS DA FAMILIA DE VENTO



INSTRUMENTOS MUSICAIS

COLOREAMOS OS INSTRUMENTOS DA FAMILIA DE PERCUSIÓN





-

DE 6 A 9 ANOS

Actividade. “Recupera-la historia”

Na presentación das actividades mostramos ao alumnado imaxes para avaliar os seus coñecementos previos. Narrarán unha historia sobre algunha das nosas protagonistas. O **obxectivo** é resaltar o traballo das trobadoras e comezar a aprendizaxe con poesía e rimas sinxelas**.**

1. Xogo “O dado trobador”. Coa palabra que saia no dado fai unha rima / poesía. As palabras empregadas poden referirse ás trobadoras (valente, doncela, laúde, arpa, castelo, poesía) e áao movemento con que acompañamos a música (palmas, pés, baile, xirar, saltar e palmas nas pernas). O alumnado bota os dados e coa palabra que saíu ten que pensar unha rima ou escribir unha poesía. Teremos en conta a atención á diversidade achegando pistas. Establecemos determinado tempo para que inventen un baile e aprendan os pasos que saíron no dado. Por exemplo, cada vez que saia a trobadora temos que tocar as palmas.

2. Para preparar unha actividade no Día da Paz. Coa temática da música imos ensinar ao alumnado outro modelo de poesía: o caligrama e os poemas visuais. O caligrama é un poema, frase ou palabra que ten como finalidade formar unha figura sobre o que se trate no que a tipografía, a caligrafía ou o texto manuscrito están dispostos ou configurados de tal xeito que inspire unha especie de imaxe visual. A imaxe creada polas palabras expresa visualmente o que din a palabra ou palabras. Nun poema manifesta o tema que presenta o texto do poema. Unha vez practicadas varias rimas ou poemas sinxelos, ensinámoslles exemplos de caligramas para fomentar a súa creatividade.

Actividade. “Adiviña os instrumentos da Idade Media”

Esta actividade básase no aforcado. O alumnado acudirá ao taboleiro e sinalará os ocos do seu instrumento empregando unha liña de guións que representan a palabra a adiviñar, dando o número de letras.

Actividade. “Lento, longo ou adagio”

O alumnado visitarán a aula de música onde buscará os instrumentos típicos da Idade Media. Unha vez localizados repartimos diferentes instrumentos de percusión e segundo as indicacións do mestre ou mestra terán que tocar con distintos tempos, lentamente, longo ou adagio.

Actividade de ampliación. “O xogo das cadeiras”

Para o xogo empregamos unha música medieval. Cada cadeira levará a imaxe ou o nome dalgunha trobadora.

DE 9 A 12 ANOS

Actividade. “Música no noso tempo”

Escoita a canción "Wallada la Omeya" do grupo de rock Saurom e busca información sobre a vida e a obra de Wallada. https://www.youtube.com/watch?v=LvWXDy9b2oI

Actividade

Dividímolo alumnado en grupos e buscamos información sobre Kassia e Hildegard Von Bingen completando as seguintes cuestións:

– Situamos nun mapa europeo onde viviron.

- Comparamos a vida das dúas mulleres.
- Dámos algún exemplo das súas composicións musicais.

Actividade. “Trobairitz”

Le un anaco do libro “Missió Trobairitz!” da escritora Cinta Arasa que traduciu este fragmento no que Aloma é a gatiña maior que fai de mentora á protagonista trobairitz. Explica que significa seu nome.

“*As trobairitz son mulleres como Azalais e Beatriz, nosas donas. Mulleres que escriben poesía, que fan cantar ás palabras! Hai trobadoras aquí, na nosa cidade e en toda Occitania, e máis ao sur, en terras catalás, e máis cara ao leste e máis alá cara ao oeste. As trobairitz aquí escriben en occitano, a nosa lingua, pero nas outras terras escriben en catalán e italiano e quizais nalgún outro idioma, non estou segura! Paréceme que as trobairitz máis coñecidas son Almucs de Castellnou, Bieiris de Romanos ou María de Ventadorn. E que máis podo dicirche? Xa sabes, escoitalas é marabilloso! Xa tomaches nota? Ben, agora xa o sabes. Non só teño un nome que soa moi ben, senón que ten un significado fermoso. Non vos parece?*”.

- Localiza nun mapa de Europa as áreas que nomea o fragmento.
- Investiga sobre a biografía das compositoras nomeadas no fragmento.

A editorial ten unha guía didáctica con material para nenas e nenos e tamén para profesores e profesoras e unha ligazón a exercicios en liña (actividades dixitais).

https://animallibres.cat/fitxa-llibre_cataleg/items/missio-trobairitz.html

DE 12 A 15 ANOS

Actividade

Dividímola aula en grupos e facemos que cada grupo escolla unha trobadora para preparar unha presentación sobre a súa vida e o seu traballo.

Actividade

Visionamos o fragmento do filme "Visión" sobre a vida de Hildegard Von Bingen (do minuto 1: 12,22 a 1: 15,08) que trata sobre seu “Drama Litúrxico”. Preguntamos as seguintes cuestións:

- Que é un drama litúrxico?
- En que lingua está composta?
- Que é o que debuxa cun arado no chan?

https://www.youtube.com/watch?v=nHGNOd5uQgU&t=96s

DE 15 A 18 ANOS

Actividade

Fai unha búsqueda sobre a vida da trobadora medieval Beatriz de Dia e prepara unha presentación. Busca a letra da canción "A chantar …" e descubre por que é tan importante. Canta e acompaña melódica e ritmicamente esa canción.
https://cutt.ly/soJcTs

Actividade

Busca a “Oda a Afrodita” de Sappho, divídea en cinco partes da mesma dimensión. Formamos 5 grupos co alumnado (dependendo do número serán estos máis numerosos ou menos). Cada grupo asume unha parte da ilustración que lles tocou. Unha vez rematadas facemos unha exposición na parede de xeito secuencial, coma se fosen esceas de teatro. http://ficus.pntic.mec.es/~jmas0085/safo.htm

PERSOAS ADULTAS

Actividade

Visionámola película "Vision" de Margaret von Trotta sobre a vida de Hildegard Von Bingen. Tralo visionado facemos un coloquio sobre á vida das mulleres medievais, a importancia de Hildegard na defensa dos dereitos das mulleres e a importancia que lle deu á música para a vida.
https://www.youtube.com/watch?v=nHGNOd5uQgU&t=96s

Actividade

Busca información sobre a etimoloxía da palabra "Lesbiana" e sobre as relacións amorosas na Grecia Antiga. Debatemos esta información e comparámola co momento actual, establecendo unha quenda de palabras e intercambio de opinións. Despois o profesor ou profesora -que apunta as ideas derivadas do debate- recollerá as dez que lle pareceran máis interesantes.

FEBREIRO: MÚSICAS RENACENTISTAS

DE 0 A 3 ANOS

Actividade. “Día da Música”

- Falámoslle ás crianzas moi suavemente da música co que axudámolos a calmarse.
- No berce e aferrándonos ás barras da mesmo e ao ritmo da música salta e tócalle palmadas.
- Preparamos o recuncho de música, onde colocamos un mural onde haberá fotos de mulleres con instrumentos musicais, para contarlles e identificar que fai cada unha delas; tamén haberá música ambiental mentres realizamos esta actividade conseguindo unha maior relaxación das nenas e nenos.
- Proporcionamos aos nenos e as nenas instrumentos de tela para explorar a través da manipulación.

Obxectivo: A educadora ou educador contribuirá a favorecer o desenvolvemento do sentido musical a través da relación establecida con cada neno ou nena, desenvolvendo situacións cotiás, para que sexan capaces de descubrir, comparar, producir e identificar diferentes tipos de ritmos sonoros co seu corpo e con obxectos.

Materiais: alfombra, caixa de cartón grande, instrumentos musicais de tela ou goma espuma, instrumentos musicais reais, equipas audiovisuais, mural con fotos de mulleres con instrumentos musicais.

Actividade: “A Asemblea”

Na aula o educador ou a educadora sentarán as nenas e os nenos sobre a alfombra en círculo, colocando a caixa de instrumentos musicais no centro vaille pasando os instrumentos musicais, introducíndoos ao seu nivel na música e contando historias de mulleres que se dedicaban á música. Rematando a actividade de manipulación de instrumentos musicais, dirixímonos á sala de televisión e poñemos un vídeo onde amosamos mulleres que tocan os mesmos instrumentos musicais que manipularon anteriormente.

DE 3 A 6 ANOS

Actividade

En asemblea facemos un breve repaso de mulleres e grupos de mulleres escollidas no calendario. Lemos con atención as biografías dalgunhas delas (8-9), tentando deseñar un percorrido desde os tempos antigos ata o presente século. A continuación buscamos en Internet obras de cada unha delas, identificándoas cunha fotografía da

ou das artistas. Unha vez feito escoitaremos algunhas obras aleatorias e o alumnado debe recoñecer a cal autora/s corresponde cada obra.

As trobairitz: https://www.youtube.com/watch?v=6bnttn7rw2E

Maddalena Casulana: https://www.youtube.com/watch?v=s62w5VuSSvo

María Anna Mozart: https://www.youtube.com/watch?v=xxqJnYuOh7I

Francesca Caccini: https://www.youtube.com/watch?v=xvw66rtLpkg

Aretha Louise Franklin: https://www.youtube.com/watch?v=6FOUqQt3Kg0

María Concepción Balboa Buika:
https://www.youtube.com/watch?v=HuofoLitF0E

Ana Tijoux: https://www.youtube.com/watch?v=S-ZGljqUqWM

Rosalía: https://www.youtube.com/watch?v=Rht7rBHuXW8

Rozalén: https://www.youtube.com/watch?v=0228mfBzZEk

Actividade

As obras que seleccionamos e escoitamos axudarán a orientarmos no espazo grazas ao oído. Colocamos un reprodutor de música (móbil, portátil, tablet, ...) nun lugar da aula, tapámolos ollos dun par de nenos e nenas e polo son das cancións terán que buscar de onde provén este. Pódese facer en grupos ou individualmente.

DE 6 A 9 ANOS

Actividade. "Construamos instrumentos con material de refugallo"

Propoñemos traballar as familias dos instrumentos na música renacentista e elaborar algúns deles con materiais de refugallo.

Metodoloxía. Comezamos dando a coñecer os instrumentos agrupados en familias (percusión, corda e vento). Podemos axudarnos coa seguinte imaxe para alumnado de primeiro e segundo curso de primaria.

Para o alumnado de terceiro curso de primaria podemos facer unha explicación máis completa tomando o seguinte enlace como apoio.
https://listas.20minutos.es/lista/instrumentos-musicales-del-renacimiento-365237/

Unha vez feito o resumo dos distintos instrumentos empregados neste período músical construímos algúns deles con materiais de refugallo. Deixámosche propostas para levalas a cabo, materiais e imaxes para facilitar o desenvolvemento da actividade. Rematados istos podemos facer unha mostra a nivel do centro para darllos a coñecer ao resto do alumnado, ou empregalos dentro da aula para acompañar melodías interpretadas polas mulleres que destacaron neste período.

Laúde

Materiais: Caixa de zapatos. Bandas ou gomas elásticas. Rolo de papel de aluminio ou plástico de envolver. Paus de polo.

Pasos:

- Debuxa un círculo na caixa de cartón e recártao.
- Co círculo que cortaches cortamos a metade e dividimos en catro partes iguais. Dobra sobre estas divisións, quedando un prisma. Enganchámolo na caixa, xunto ao burato.
- Cortámolas bandas elásticas.
- Facemos catro buracos na caixa a ambos lados e pasamos as gomas. Facemos un nó nos extremos para que non saian dos buratos.
- Facemos catro cortes no prisma para pasar as gomas.
- Se queremos, podemos facer un mango para a guitarra cun tubo de papel de cociña e dous paus de xeado.

Xilófono

Materiais: Varios copos de cristal. Unha culler de madeira e outra de metal.

Pasos: Enche- los copos con distintas cantidades de auga. Para que sexa máis atractiva a actividade podemos empregar colorante á auga.

Deixamos que o alumnado explore as calidades do son golpeando os distintos copos con ambas culleres.

Cromormo

Materiais: Un anaco de mangueira ou tubo de plástico. Cinta illante de cores. Un embude.

Pasos:

- Fai un corte nun dos extremos da mangueira transversal.
- Pon autocoante no embude e introdúceo no extremo que fixeches no corte, cúbreo con cinta para evitar que despegue. Podes aproveitar a cinta e ir pegándoa polo tubo como decoración.
- Dóbrao dándolle un xiro e esmágao e pégao para que quede a forma da mangueira con axuda da cinta.

Xa podes tocar teus instrumentos¡

DE 9 A 12 ANOS

Actividade. "Grace Baptista"

1. Música doutra época "Conditor Almae".
Visionámolo vídeo en YouTube sobre "Grace Baptista, Conditor Almae".
Unha pequena choiva de ideas da música escoitada: instrumentos, tempo no que pensamos que está feita ...

2. Cronoloxía: O Renacemento.
Investigación sobre o ano de composición e o que estaba a suceder no seu momento. Elaboración dunha liña do tempo en cartón con toda a información recollida.

3. A revista de Gracia.
A clase divídese en grupos de 5 e cada grupo será o encargado de preparar un artigo sobre algún detalle da súa biografía, por exemplo: a infancia de Gracia, como foi a súa vida escolar e os estudos, a música de Gracia, o papel da muller no Renacemento ... Preparamos unha revista conxunta con todos os artigos, o cronograma realizado anteriormente e a música de Gracia Baptista para publicala no xornal escolar.

4. A vida da muller renacentista.
Debate por equipas sobre como vivían as mulleres da época, que traballos desempeñaban, o papel dos homes e a baixa visibilidade das mulleres.

Materiais: P.D.I (pizarra dixital), Informática, cartoliñas.

Temporalización. 5 sesións

Actividade. "Maddalena Casulana"

1. Describir a Maddalena Casulano
Despois de dividi-la aula en grupos de 3-4 persoas, búscase información sobre a vida e a obra da compositora individualmente na casa. Realízase unha posta en común en cada grupo, seleccionando a información máis relevante proporcionada por cada integrante do grupo.

2. Decorámola aula
Cada un dos grupo crea un mural coa información que seleccionaron. Un/ha dos membros do grupo presenta o seu mural, expón a información que seleccionou e defende por que a do seu grupo ten que ser elixida para ser exposta na clase. Finalmente, elíxese un de todos.

3. Somos música
Pesquisamos en Youtube: "Maddalena Casulano, madrigals" e comparámolo coa música doutra autora do seu tempo en España, Grace Baptista: "Conditor Balmae". Feito isto establecemos unha comparación entre as súas obras e as súas autoras: voces, instrumentos ...
En grupos de 4-5 escollemos un instrumento da época presente na obra de calquera destas autoras e facémolo con material de refugallo para exhibilos no centro.

Materiais: P. D.I (pizarra dixital), Ordenador persoal, tarxetas, cores, fotos e material de refugallo.

DE 12 A 15 ANOS

Actividade."**As mulleres na música do Renacemento"**

Fai unha reflexión persoal sobre a seguinte frase: "Quero mostrar ao mundo, na medida que podo nesta profesión musical, a vaidade errónea de que só os homes posúen os dons da arte e do intelecto e que estes agasallos nunca se lles dan as mulleres"

- Busca o personaxe que dixo a frase anterior, en que contexto e por que.
- Comentamos as conclusións extraídas das dúas actividades anteriores.

Actividade. "Roll-playing"

Busca información sobre a música feminina no Renacemento e escolle unha muller música para despois facer un roll-playing.

Debate. Para reflexionar sobre a evolución dos roles de xénero e a evolución da muller ao longo da historia, abrimos un debate na aula. A clase divídese en tres grupos:

a. Alumnado que debaten dende o rol das mulleres músicas no Renacemento.
b. Alumnado que debaten dende o seu propio rol.
c. Corpo de alumnado que actúa como observadores e observadoras.

O grupo observante toma notas sobre o que máis lle chamou a atención do debate para despois facer unha posta en común en gran grupo.

Introdución e xustificación

É unha realidade a invisibilidade das mulleres nos libros de historia. Situadas na esfera do ámbito do privado dentro da estrutura patriarcal, apareceron na esfera pública no marco da excepcionalidade. O mundo foi deseñado por e para os homes, polo que a presenza das mulleres na historia e as artes silenciouse constantemente. Ás mulleres negóuselle o acceso á educación, á política e a toda unha actividade profesional de prestixio. O século XX comezou coa ruptura das estruturas patriarcais avanzando progresivamente nestes aspectos, aínda que a meta da estabilidade do patriarcado mantén, aínda hoxe, as redes de discriminación. O mundo da arte en xeral, e o da música en particular, foron de difícil acceso para ás mulleres. A muller, asociada á emoción, fronte ao home, asociada á razón, situárona na arte como espectadora ou afeccionada, virtuosa no ámbito privado e prohibida no ámbito público. A muller foi valorada como musa, como diletante ou, como moito, posible profesora, porén a xenealoxía das mulleres móstranos que foron moitas delas as que romperon as convencións do seu tempo e acadaron logros na historia da música. Con esta actividade búscase o recoñecemento das mulleres relacionadas coa música dentro do Renacemento, un tempo de esplendor cultural no que as estruturas patriarcais endurecéronse para as mulleres.

Obxectivos da unidade

1. Recoñecer as dificultades da muller como profesional da música e estudar grandes figuras femininas que romperon as limitacións do seu tempo.
2. Observar a produción musical dende unha perspectiva de xénero.
3. Ser consciente das dificultades das mulleres para ser valoradas con rigor e seriedade na produción musical.
4. Reflexionar sobre a invisibilidade das mulleres na historia en xeral e na historia da música en particular.
5. Valorar a calidade artística da produción musical escrita por mulleres no Renacemento.
6. Axudar ao alumnado con vocación musical a recoñecer a discriminación das mulleres no mundo da produción musical, como primeiro paso para desenvolver as ferramentas necesarias para superalo.
7. Desenvolver unha capacidade crítica fixando os conceptos vistos ao longo do tema, abordándoos dende outra perspectiva.

Metodoloxía. A metodoloxía deséñase como traballo analítico, expositivo, de debate e de colaboración. Presentamos o tema dun xeito didáctico e divertido, con imaxes e audios, realizando debates nos que se mellorará a conciencia na construción de xénero e as súas implicacións na arte e na vida en xeral. Traballamos en pequenos grupos investigando sobre mulleres músicas renacentistas das que logo faremos unha exposición en público desde unha perspectiva crítica.

Desenvolvemento da unidade. Pretendemos cubrir a música renacentista, recoñecendo as dificultades específicas de xénero que tiveron as mulleres. Para iso, propoñeremos a realización por pequenos grupos de traballo que desenvolvan a xenealoxía de diferentes autoras e as súas circunstancias contextuais, desde unha perspectiva crítica de xénero. Estes temas céntranse especialmente na vida e na obra musical das músicas renacentistas e representarán diferentes aspectos dos problemas

aos que as mulleres tiveron que enfrontarse no desenvolvemento da súa actividade musical. Dividiremos a clase en grupos mixtos de tres a cinco alumnos e alumnas e propoñemos un destes traballos a cada grupo. Precisamos o apoio da biblioteca do centro e da aula TIC para o traballo de investigación necesario para levar a cabo os traballos. A profesora ou profesor supervisará en todo momento o seu rendemento orientando a investigación e propoñendo páxinas web e bibliografía. Despois da preparación dos traballos haberá unha presentación deles en PowerPoint con preguntas e comentarios críticos. Cada presentación pechará coa audición dunha obra de cada compositora. Unha vez enviados todos, realizarase unha posta en común.

Contexto musical renacentista. Analizamos as características socioculturais do Renacemento e as características musicais, afondando nos instrumentos da época e no desenvolvemento da polifonía como transición do canto gregoriano á música barroca.

A música desde a interpretación e a música desde a composición. O campo musical interpretativo, dentro do campo doméstico, tivo a aceptación da muller virtuosa, pero imposibilidade dunha maior proxección. A composición asociada á racionalidade negouse ás mulleres, aínda que nalgúns campos, como o monástico podería desenvolverse entre as mulleres.

Compositoras e intérpretes

1 Maddalena Casulana (c.1544-1590)

Naceu en Casole d'Elsa, compositora, intérprete de laúde e cantante. Foi a primeira muller da historia da música occidental á quen lle publicaron as súas obras. É a autora de catro madrigais publicadas en Florencia en 1566 co título de “Il Desiderio”. En 1568 publicou en Venecia outro libro de madrigais a catro voces: “Il Primo libro di Madrigali”. Orlando di Lasso dirixiu unha das súas obras na Corte de Albrecht de Baviera en Múnic. Isabel de Médicis expresou sobre a súa obra: "*Desexo amosarlle ao mundo, na medida que podo na profesión musical, a vaidade errónea de que só os homes posúen os dons da arte e do intelecto e que estes dones nunca se lles dan ás mulleres* “. Morreu en Vicenza.

2 Francesca Caccini (1587-c.1640)

Compositora, cantante, profesora de música e poeta precoz do Barroco. Filla do compositor e cantante Giulio Caccini. A irmá menor, Settimia Caccini ("Flora del La") tamén foi compositora. En Florencia, desenvolveu unha grande actividade como compositora e cantante xunto ao seu pai. Debutou na ópera “Euridice” presentada no Palacio Pitti durante a voda de Enrique IV de Francia con María de Médicis en 1600. Casado co músico Giovanni Battista Signorini, membro da Camerata florentina. Autora de cinco óperas das que só sobreviviu “La liberazione di Ruggiero”, obras relixiosas, vocais e instrumentais, algunhas conservadas nunha publicación de 1618 co nome de “Musichedell libro do primo Il”. Claudio Monteverdi quedou impresionado co seu canto.

https://www.youtube.com/watch?v=ja7ugHH8DtM
https://www.youtube.com/watch?v=xvw66rtLpkg
https://www.youtube.com/watch?v=WYfM65BSodA
https://www.youtube.com/watch?v=xFdrK8iJwqI

3 Vittoria Aleotti (c.1575-1646)

Naceu en Ferrara, compositora, organista, clavecinista e directora dun grupo de instrumentistas e cantantes. Estudou música no convento Agustino de San Vito de Ferrara. Compuxo motetes e madrigais, moitos publicados por Amadino en 1593.

https://www.youtube.com/watch?v=9lGnaA8b078
https://www.youtube.com/watch?v=BzvZZq57ohg
https://www.youtube.com/watch?v=7pmZq58FW9c
https://www.youtube.com/watch?v=SnPCO-DWlDM

4 Barbara Strozzi (1619-1677)

Naceu en Venecia, compositora e cantante liga o Renacemento co Barroco. O groso do seu repertorio é para soprano solista con acompañamento e continuo. Varias das súas composicións foron dedicadas a Fernando II de Austria e á duquesa Sofía de Brunswick e Lüneberg. Nunca actuou en público, pero publicou oito volumes de música vocal incluíndo varias cantatas.

https://www.youtube.com/watch?v=eLYoTnt3cXM
https://www.youtube.com/watch?v=3iW7014VGpI
https://www.youtube.com/watch?v=FKno2yQs4Y4
https://www.youtube.com/watch?v=KQheW3W0GHo

5 Lucrezia Orsina Vizzana (1590 - 1662)

Ingresou no convento de Santa Cristina de Boloña aos 8 anos, onde permaneceu toda a vida. Os seus traballos publicáronse en "Componimenti de musicali motetti concertati un 1 e più" VOCI (Venecia, 1623). As súas obras están influenciadas polas tendencias musicais máis modernas da música italiana da época, especialmente por Monteverdi. Entre as súas obras inclúense solos e dúos con acompañamento continuo.

https://www.youtube.com/watch?v=xF8dXiePyVI
https://www.youtube.com/watch?v=CLk2i6zr6kw
https://www.youtube.com/watch?v=cTmx88n_B8E
https://www.youtube.com/watch?v=ywpnNaR9P_k

6 Isabella Leonarda (1620-1700)

Naceu en Novara e ingresa no Convento das Virxes de Santa Úrsula aos 16 anos. Adicou a súa vida a compoñer, decidida a "dedicar as horas de descanso á composición das miñas obras musicais, para non perder as obrigas da regra ". Tiña capacidade para o canto e a polifonía gregoriana. Chamada "la Musa di Novara", pensaba que o principio da música era Deus, considerado a consonancia perfecta, amplificada na Santísima Trindade (a tríade harmónica). Nalgúns dos seus escritos a compositora cita tamén a Platón: "*Amor Musicamdocet: o amor do que é bo e honesto*

temperamento e dinamiza as emocións, que son como as cordas da lira do corazón, e dálle ao home harmonía consigo mesmo e con outros … “

https://www.youtube.com/watch?v=ODYwlpLeppI
https://www.youtube.com/watch?v=yPwArhHqBsY
https://www.youtube.com/watch?v=Wrvk2NyXx0s
https://www.youtube.com/watch?v=KKmoFtZkFOM

Presentacións. As presentacións pódense facer con programas como Power Point. Haberá unha rolda de preguntas dos compañeiros e compañeiras e un comentario crítico do profesor ou profesora. En cada caso, o alumnado, despois de expoñer as principais características da carreira musical das compositoras /intérpretes, responderán as seguintes preguntas: Cales foron as dificultades que tivo a compositora debido á súa condición de muller no desenvolvemento da súa profesión musical? Como actuaron os prexuízos de xénero en cada caso? Como influíron estes prexuízos no desenvolvemento de todo o potencial artístico destas mulleres? Seguen actuando dalgún xeito eses prexuízos hoxe?

Posta en común. Despois de rematar tódalas presentacións comezamos un debate sobre as dificultades específicas das mulleres para desenvolver a súa actividade onte e hoxe no mundo da música. O profesorado aproveitará a ocasión para extrapolar e establecer paralelismos con outras facetas do mundo da arte e da vida.

Temporalidade xustificada. Segunda metade do primeiro trimestre. Situados nos inicios da historia da música, trabállanse os elementos e características culturais e musicais proprias da época e incídese , transversalizando na coeducación nos aspectos de xénero, ampliando a visión xenealóxica da muller na arte. Empregaremos 3 sesións para o desenvolvemento da unidade. Primeiro día: presentación do tema, introdución teórica do tema e formación de grupos, distribución dos traballos e comezo dos mesmos. Segundo día: Traballa con asesoramento na aula TIC e na biblioteca. Terceiro día: presentación de traballos e posta en común.

Avaliación:

• Do alumnado: Serán avaliados desta unidade na primeira avaliación. Os traballos contan ata un 30% da nota, valorase a relevancia da información proporcionada, a organización do traballo, a variedade e calidade das fontes utilizadas e a presentación das mesmas. A profesora ou profesor elaborará un documento cos aspectos que considere máis importantes e entregarao ao alumnado. No exame de avaliación incluiranse ata dúas preguntas sobre a unidade.

• Da actividade: o último día da unidade entregarase un cuestionario coas seguintes preguntas: ¿Coñeces algún compositor antes de comezar a unidade? Cres que para o público en xeral estas mulleres son coñecidas? Cres que a súa obra está suficientemente representada nos libros de historia da música? E nos actuais programas de concertos? Pensas que pode haber moitas mulleres que ante dificultades similares se mantiveron totalmente descoñecidas a pesar da súa capacidade musical? Que historia che sorprendeu máis? Por que? ¿Podes comentar algunha outra circunstancia que non sexa a música, na que a actividade da muller non foi considerada por mor da discriminación de xénero? A través deles pretendo saber ata que punto a mensaxe coeducativa da unidade penetrou nos estudantes.

Recursos. Disponibilidade de aula con ordenadores e da biblioteca do centro para extraer información. Canon de proxección ou pizarra dixital, con equipa de son.

MARZO. MÚSICAS DO BARROCO

DE O A 3 ANOS

Actividade

Escoita a composición románica de Francesca Caccini.
https://www.youtube.com/watch?v=3AXMule7zqE. e fai que as crianzas dancen e se movan polo espazo da clase. A continuación amosámoslles unha imaxe que será a do compositor que o alumnado ten que describila.

Actividade

En papel continuo pegamos instrumentos típicos do Barroco (clavecín, fagot, violín, órgano, óboe, timbal, etc.) explicándolles istos. Con pintura de dedos decoramos un mural.

DE 3 A 6 ANOS

Actividade. "Música e emocións"

Escoitamos cos nenos e nenas a música das tres autoras:

- Barbara Strozzi: L'Eraclito Amoroso. http://mujeresymusica.com/barbara-strozzi/
- Elisabeth Jacquet de la Guerre. https://www.youtube.com/watch?v=MzLu0ciYIOU
- Francesca Caccini: Ciaccona. https://www.youtube.com/watch?v=ja7ugHH8DtM

Escollerán unha cor coa que identifican a canción e despois comentan que sensación tiveron na audición. Preguntamos se cren que é un home ou unha muller quen compuxo estas cancións musicais. Mostramos tres láminas cos retratos das mulleres.

Actividade. "Danza barroca"

Escoita a composición "Romanesca" de Francesca Caccini (https://www.youtube.com/watch?v=3AXMule7zqE) para que os nenas e nenos bailen e se moven polo espazo da aula. Despois mostrámoslle un vídeo de como vestían e bailaban nesa época. Animámolos a praticar algúns pasos.

- https://www.youtube.com/watch?v=yr4MLrX_KG0.
- https://www.youtube.com/watch?v=SisP0lotIdI

DE 6 A 9 ANOS

En pequenos grupos teñen que completar a ficha seguinte para o que buscarán información en Internet. Comprobarán se os datos son correctos dentro da sopa de letras.

1. A qué época ou período da historia da música pertence Barbara Strozzi, Elisabeth Jacquet de la Guerre e Francesca Caccini?.
2. Quen é considerada a primeira muller compositora de óperas?.
3. Cal era seu alcume garimoso?.
4. Cal era un dos instrumentos que tocaba Francesca Caccini?.
5. Barbara Strozzi foi unha das primeiras compositoras do S XVI dun tipo de composición vocal con acompañamento instrumental, xeralmente en varios movementos que ás veces involucra a un coro. Como se chaman estas composicións?.
6. Qué tipo de cantante de ópera foi Barbara Strozzi?.
7. Que instrumento tocaba Elisabeth Jacquet de la Guerre?.
8. Ao seren presentado ante Luis XIV, este quedou tan impresionado que foi coñecida como " a pequena…."

A	B	C	E	C	C	H	I	N	A
D	E	F	M	N	L	O	P	R	S
G	H	I	X	K	A	M	D	T	B
C	M	A	R	A	B	I	L	L	A
D	X	Z	S	O	E	P	E	V	C
E	C	A	C	C	I	N	I	X	D
G	L	R	M	A	P	R	F	Z	E
O	M	P	U	N	T	S	L	Y	F
P	T	A	I	T	J	T	M	M	G
R	U	I	B	A	R	R	O	C	O
T	V	Z	M	T	K	V	R	P	H
S	O	P	R	A	N	O	S	T	Y

Solucións: 1. Barroco /2. Caccini /3. Cecchina /4. Arpa /5. Cantata /6. Soprano/ 7. Clave/ 8. Marabilla.

DE 9 A 12 ANOS

Actividade

Argumento

Existen dúas poderosas feiticeiras: a bela Alcina e a intelixente Melisa.

Alcina é unha bruxa malvada que emprega seus feitizos para manter cautivos ao heroe Ruggiero na súa illa máxica. Melisa é quen prevén a Ruggiero dos perversos encantos de Alcina e o convence para que abandone a illa e continúe co seu noble destino.

Ruggiero, fuxe coa axuda de Melissa e esta libera tamén a multitude de mulleres que foran convertida en prantas. Alcina, vendo o que sucedía, entra en cólera polo que recurre os seus monstruos para que a venguen.

Finalmente, Alcina transfórmase nun ser monstruoso antes de fuxir ao lombo dun dragón cando estalla en chamas a súa illa enfeitizada.

Para traballar dividimo-lo alumnado en grupos de tres ou catros persoas. Cada grupo busca información dos nomes máis relevantes da música barroca. Partillarán ao grupo-aula seus achádegos. En grupo-clase plantexamos as seguintes cuestións:

- Cantas mulleres músicas atopáchedes na vosa pesquisa?
- Coñeces alguhna Muller música da época barroca?

1. Cada grupo busca información dunha destas mulleres: Francesca Caccini, Barabara Strozzi e Elisabeth Jacquet de la Guerre. A continuación, os grupos elaboran un breve esquema coa información que será compartida co grupo-clase. Namentres o alumnado realiza as pesquisas , escoitamos de fondo “Lagrime Mie” de Barbara Strozzi (https://www.youtube.com/watch?v=1z2xtmkqaAs) e” Céphale et Procris” de E. C. Jacquet de la Guerre: (https://www.youtube.com/watch?v=xsEepShZEPo).

- Unha vez partillada a información, o grupo-clase debate sobre estas cuestións:
- Cales son los logros destas mulleres?
- Cal era o papel das mulleres músias no Barroco?
- Que diferenzas atoparás entre esta época e a nosa en tanto o papel que realizan as mulleres na música?

2. A ópera de Francesca Caccini “La liberazione di Ruggiero”. Facemos grupos de tres o catro persoas. Reproducimos “La liberazione di Ruggiero “para inspirarnos mentres traballamos na actividade
(https://www.youtube.com/watch?v=WYfM65BSodA&t=1821s).

3.Creamos un cómic no que maxinamos como Francesca escribiu esta ópera. Para isto podemos ter en conta a súa biografía. (http://www.musicaantigua.com/asi-era-una-de-las-compositoras-mas-importantes-de-la-historia/) e o argumento da dita obra.

DE 12 A 15 ANOS

Actividades. “Nenas prodixio. Francesca Caccini, Bárbara Strozzi e Elisabeth Jacquet de La Guerre”

1. Escoita a partir do minuto 11´:19´´ a audición proposta. Neste programa de Radio Nacional de España narran a vida de Elisabeth Jacquet de La Guerre, unha grande compositora do barroco francés.
http://mvod.lvlt.rtve.es/resources/TE_RZMM18R/mp3/4/9/1553013949394.mp3
Como escoitaches algunhas das súas obras non chegaron aos nosos días. Cal cres que pode ser o motivo? Por que cres que as obras que escribiu para Luis XIV perduraron no tempo?

2. As mulleres que estudamos nesta época, Francesca Caccini, Bárbara Strozzi e Elisabeth Jacquet de La Guerre, proveñen de familia de músicos. Busca sobre a vida de dúas ou tres músicas do século XXI de calquera estilo e compara a súa situación vital. Cres que o acceso á formación musical depende da familia da que proveñas? Cres que os compositores homes e as compositoras mulleres tiñan as mesmas oportunidades?

3. Busca a oito ou nove compositores e compositoras do Barroco e fai unha liña temporal sobre elas e eles. Deben aparecer as nosas tres compositoras Francesca Caccini, Bárbara Strozzi e Elisabeth Jacquet de La Guerre.
Buscando información sobre elas, debes atopar a quen delas se lle atribúe a “ Cantata”. Podes buscar algunha cantanta e comparti-la cos teus compañeiros e compañeiras.

DE 15 A 18 ANOS

Músicas do Barroco

Actividade

Partindo das audicións propostas realizamos un cuestionario breve obra as vidas de Francesca Caccini y Bárbara Strozzi coas referencias que escoitamos nos programas de radio “ Cuaderno de notas” emitidos o 02/09/2017 e 30/04/2016.
Busca a oito ou nove compositores e compositoras do Barroco e fai unha liña temporal sobre elas e eles. Deben aparecer as nosas tres compositoras Francesca Caccini, Bárbara Strozzi y Elisabeth Jacquet de La Guerre.

Buscando información sobre elas, debes atopar a quen delas se lle atribúe a " Cantata". Podes buscar algunha cantanta e comparti-la cos teus compañeiros e compañeiras?

- Francesca Caccini: http://www.rtve.es/alacarta/audios/cuaderno-de-notas/cuaderno-notas-francesca-caccini-monteverdi-florencia-02-09-17/4194980/#
- Bárbara Strozzi: http://www.rtve.es/alacarta/audios/cuaderno-de-notas/1940-cuaderno-notas-300416-barbara-strozzi-venecia-del-s-xvii-2016-04-29t15-08-27127/3593033/#
- Elisabeth Jacquet de la Guerre: http://www.rtve.es/alacarta/audios/cuaderno-de-notas/1935-cuaderno-notas-250415-elisabeth-jacquet-guerre-2015-04-23t15-59-24740/3105079/#

Actividade

No século XVII era moi común a prática dos matrimonio pactado por un mecenas. Investiga o caso de Francesca Caccini.

http://www.inmujer.gob.es/areasTematicas/educacion/programas/docs/CreadMusica.pdf
https://www.mujeresenlahistoria.com/2015/12/la-primera-compositora-de-operas.html

Actividade

Como chegaría Bárbara Strozzi a sobresaír de tal xeito nunha escena cultural dominada por homes se non casou e non levou unha vida relixiosa?. Busca información sobre como era Venecia no século XVII e plantea o debate sobre as dificultades que as mulleres atopaban.

https://www.monstrousregimentofwomen.com/2016/08/barbara-strozzi-venetian-intellectual.html
https://clasica2.com/clasica/Enciclopedia-Musical/Barbara-Strozzi-1619-1677
https://conlaa.com/reescribir-la-historia-de-la-musica-el-barroco-italiano-barbara-strozzi/
http://www.musicaantigua.com/barbara-strozzi-la-gran-dama-de-la-cantata-barroca/

Actividade

Comenta o seguinte cuarteto, publicado en Diverses Pièces en prose et en vers, au sujet du Parnasse François, exécuté et élevé en bronze en l'année 1718: "Digne de

ces rivaux une autre Terpsicore, / LA GUERRE, dont les airs enchantent tout Paris, / Sur le bronze muet semble nous dire encore :/ Aux grands Musiciens, j'ai disputé le prix 18". *"Digna destos rivais, tal segunda Terpsicore/ La Guerre, admirada en París polas súas arias/ parece estar dicindo neste bronce mudo/ A músicos ilustres disputeilles A Palma". estos rivales, cual segunda Terpsícore, /La Guerre, cuxas arias encantan en París, / parece estar diciendo en este bronce mudo:/ 'A músicos ilustres les disputé la Palma'".*

Medalla conmemorativa de Elisabeth Jacquet de La Guerre 1718.

- Foi tan importante na súa época? Era normal ese recoñecemento ás mulleres no século XVIII en Francia? Busca información para refrenda-la túa resposta.

https://www.bbc.co.uk/music/artists/86233265-959c-4537-a2ee-47160c734e18
https://www.recercat.cat/bitstream/handle/2072/252288/PF%20Irene%20Hern%C3%A0ndez%20Barrios.pdf?sequence=1
http://mujeresenlamusica.blogspot.com/2009/04/arias-y-lamentos-junto-al-clave-notas.html

PERSOAS ADULTAS

Actividade

En diferentes sesións escoitamos fragmentos da ópera " La liberazione de Ruggiero" de Francesca Caccini (1587-1641); algunha cantata de Barbara Strozzi (1619-1677) e algún fragmento das cantatas franÇoises de Elisabeth Jacquet de La Guerre (1665-1729). Explicámoslle ao alumnado que papel desempeñaban as mulleres na sociedade da época e por qué estas mulleres chegaron tan alto. Por exemplo, as mulleres podían aprender a cantar ou a tocar instrumentos pero non exhibirse ante outros. A esfera do público e do privado estaba moi diferenciada. Estas mulleres tiveron a sorte de pertenecer a familias que dedicabanse profesionalmente á música e que non tiñan prexuizos para tocar en público.
Debatimos sobre como inflúe hoxe nas mulleres a diferenciación entre as esferas do público (sociedade) e do privado (casa). Cómo se relacionan esos dous mundos para moitas mulleres?

Actividade

1.Pedimos ao alumnado que busquen artigos en internet sobre estudos que afirmen que a música clásica, actualmente, é un mundo de homes. Has defender que nas orquestras cada vez é maior a presenza de mulleres instrumentistas pero non hai case

directoras de orquestra. Na música clásica a composición feita por homes é maioritaria na programación dos festivais.

2.Escribe a resposta das seguintes preguntas: Por qué sucede isto?. O mundo da música é un reflexo da sociedade patriarcal? Que podemos facer para garantir a igualdade de oportunidade?

3.Propoñemos que o noso alumnado faga un estudo sobre as letras machistas das cancións. Clasificarán as cancións onde aparezan mulleres pedindo, suplicando, homes aproveitándose das mulleres, estereotipos, micromachismos roles de xénero, burlas, violencias…

O **obxectivo** é tomar conciencia de que o que transmite unha determinada canción non é adecuado e que non debemos reproducila. As persoas que son cantantes teñen un gran impacto social e poden influír no comportamento das persoas. Deben solicitarse responsabilidade para educar a través das cancións. Poden transformar o xeito de entender a sociedade das persoas que os escoitan.
Abrirase un debate sobre se as letras sexistas deben considerarse a liberdade de expresión e a creatividade dos artistas.

ABRIL. MÚSICAS NO CLASICISMO

DE 0 A 3 ANOS

Actividade. “Audición”

Obxectivo: Busca-la relaxación e estimulación auditiva.

Materiais: “Sonata Nº 3 en La maior” de Marianne Von Martínez.
https://youtu.be/67LcQ8tLK3Q

Metodoloxía: GC. Sentimos a música no corpo, dando palmadas na barriga, pernas e cara.

DE 3 A 6 ANOS

Actividade. “Debuxamos a música”

Materiais: Cartolinas, fotos e música.https://cutt.ly/WoXfCi

Metodoloxía: GC. Música lenta e rápida. Desprazamento ao ritmo da música. Debuxamos a música co noso corpo: Os sons agudos baile nas puntas e sons graves facemos exercicios no chan. Facemos unha presentación das protagonistas do calendario do mes de abril.

DE 6 A 9 ANOS

Actividade. “A porta violeta”

Escoita atentamente e identifica estos sons:

- Escoita “ La puerta Violeta” de Rozalén.
- Escenificación.

Materiais: Guitarra, tambor, pandeireta, triángulo, xilófono, pratillos, frauta.

- Gravación de sons. https://joutu.be/iZjLXtHscug
- A porta violeta. https://g.co/kgs/q4Kk6B

Metodologxa: GC. Interpretación libre con instrumentos musicais. Gravación con sons da natureza (auga, paxaros…).

DE 9 A 12 ANOS

Actividade. “Debuxando a música de María Teresa von Paradis”

Materiais: almofada, alfiletes e pedazos de madeira de diferentes tamaños. Canción, Concierto de piano KV 456 en Si bemol maior de 1784 (Sicilienne) de Maria Teresa Von Paradis.

Metodoloxía: Distribuamos en grupos de 3-5 persoas e materiais. O alumnado debuxa a música que está escoitando empregando para cada tipo de son (agudo, grave, distinta duración, os silencios…) algunhas das cancións que el considere. Cada grupo elaborará un debuxo onde cada canción musical ten un significado. Rematada a actividade cada grupo explica seu debuxo.

Comentámola biografía da autora.

DE 12 A 15 ANOS

Actividade. “Nannerl”

Materiais: Película *Nannerl, a irmá de Mozart* https://youtube.be/EWxQx-gC4sU

Metodoloxía: Proxectamos a película da vida da irmá maior de Wolfgang Amadeus Mozart. Tralo visionado organizamos ao alumnado en grupos de 3-5 persoas e pedimos que elaboren unhas conclusións que logo expoñemos en común.

15-18 ANOS

Actividade. “Como ser muller e non morrer no intento”

Materiais: Teléfonos ou dispositivos con cámara para gravar vídeo e reprodutor de música. “Concierto de piano en La maior” ou “Sonata Nº3” de Marianne Von Martínez. Papel pinocho de cores, la, roupa para disfraces…https://youtu.be/67LcQ8tLK3Q

Metodoloxía: Grupos de 5-7 persoas. Estuda-la biografía de autoras como Marianne Von Martínez. Realizar un guión de *performance*, pequena curta ou representación dalgunha escena da vida da autora. Gravación. Visionamos tódolos vídeos na aula para posterior debate.

PERSOAS ADULTAS

Actividade. “Amigas”

Materiais: **https://cutt.ly/BoXg0g**

Metodoloxía: GC, pequeno grupo.

- Escoitar cancións machistas actuais e comentalas na aula.
- Escollemos unha canción da preferencia do alumnado e cambiámola letra en clave femininista.
- Atopar un relato que reflicta as situacións de desigualdade que sofren as mulleres na vida diaria e adaptalo para teatro. Buscamos as música axeitadas para cada escea.
- Traballámolo poema-canción “Amigas” de Ana Belén que dará pé para un debate sobre a Sororidade.

MAIO. MÚSICAS NO ROMANTICISMO

DE 0 A 3 ANOS.

Actividades. “De 0 a 1 ano”

Relaciónanse estas actividades co descubrimento do discurso a través da música:

- As crianzas interactúa coa música a través da presenza dun obxecto na man ou o sinxelo movemento musical mentres cantamos a canción de “5 Lobiños” movemos a man dicindo o ritmo da canción: "Cinco lobiños ten a loba, cinco lobiños trala vasoira”.

- Emprega sons sorpresivos que te fan rir mentres aparezo ou desaparezo: escóndome detrás dun cueiro ou outro obxecto e aparezo dun xeito sorprendente dicindo despois outro son de sorpresa.

Actividades. “De 1 a 2 anos”

Estas son máis interactivas e provocarán a linguaxe e o movemento: Saúda ao comezo do día cunha canción. A educadora ou educador senta nas pernas á criatura mentres canta e movendo ao ritmo que marca a canción."Ao paso, ao paso / ao trote, ao trote / ao galope, ao galope". Aumentará a velocidade tanto do canto como do movemento. Co mesmo procedemento que o anterior: “Gatiño Miso, pan de coello que me aforras, sopas de leite, nada máis?“. Mentres se canta, as paradas da canción fanse para dicir o que segue.

Ponse a disposición das coidadoras e coidadores actividades a partir dos 2 anos con instrumentos de percusión; batería, tambores e outros para tocalos e familiarizarse cos sons. Unha vez que recoñecen os sons, xogan a moverse na dirección na que se escoita un son. Para asociar os sons con ordes, por exemplo, o tambor soa e palmeamos, se é o triángulo saltamos.

Actividade. ”Xogar ao asento”

As cadeiras sitúanse nun círculo inferior ao número de estudantes. Ao ritmo da música, bailarán arredor das cadeiras cando a música para de soar hai que sentasre nunha e quen quede sen cadeira será eliminado ou eliminida e así sucesivmente ata que só quede unha persoa.

DE 3 A 6 ANOS

Como premisa debemos escoitar música de tódolos estilos tanto no ámbito familiar como escolar e desde que se está no ventre materno.

Actividade

Reunido a alumnado na asemblea coméntase a importancia que tiveron as mulleres na música ao longo da historia. Pregúntaselle se coñecen algunha muller dedicada a música. Anotámolo seu nome en pequenos papeis co galo de levalos a casa para investigar sobre a mesma en familia ao longo da semana. Se é posible podemos convidar á artista para que faga unha actuación, baile ou cante na aula.

Actividade

Elaboramos un musicograma (debuxos que fan referencia aos distintos elementos musicais de xeito ordenado para aprender a ler a música) coas achegas do alumnado. Lemos a historia en gran grupo e despois levámola á acción. Neste exercicio empregaremos instrumentos realizados na aula con materiais de refugallo.
Estas actividades serven para os tres niveis aumentando a dificultade das actividades segundo a idade.

DE 6 A 9 ANOS

Unha vez distribuído o alumando en tres grupos heteroxéneos, cada grupo buscará toda a información que atopen sobre unha das tres músicas que teremos presentado e imprimimos: Fanny Cecilie Mendelssohn Bartholdy (a posteriori Fanny Hensel), Teresa Carreño García e Cécile Louise Stéphanie Chaminade.

1. Que significa a palabra "antisemitismo"? Cando leas a información sobre Fanny Mendelssohn aparecerá este termo.
2. Where does she form? (Join with points).

1. Cecile Chaminade	Caracas (Venezuela)
2. Teresa Carreño	París (Francia)
3. Cecile Mendelssohn	Hamburgo (Alemaña)

3. Que educación recibiu Cecile Mendelssohn e en que horario?
4. Por que cres que algunhas das composicións de Cecile (446) foron dadas a coñecer como se foran do seu irmán Félix?
5. A que idade comezou Teresa Carreño a tocar o piano?
6. Por que saíu Teresa Carreño de Venezuela? Ten algo que ver coas razóns polas que a xente vaise hoxe dese país?
7. Cécile Chaminade, recibiu clases de piano da súa nai. Cando se plantexou a posibilidade de estudar no conservatorio, o seu pai negouse e tivo a posibilidade de recibir clases na casa. Por que cres que o seu pai se opuxo ao ingreso no Conservatorio?

DE 9 A 23 ANOS

Actividade. “ A procura”

Unha vez distribuídos o alumnado en tres grupos heteroxéneos, cada grupo buscará toda a información posible sobre unha das tres mulleres músicas que teremos presentado previamente. Imprimimos esta información. As mulleres músicas son Fanny Cecilie Mendelssohn Bartholdy (a posteriori Fanny Hensel), Teresa Carreño García e Cécile Louise Stéphanie Chaminade.

1. Que significa a palabra "paternalista" que aparece na información sobre Cecile Mendelssohn?

2. Binds with arrows.

Cecile Mendelssohn	she played the piano in White House for
Abraham Lincoln	was Jewis and converted to Protestantism
Cécile Chaminade	received the french Légion d' Honneur for
Teresa Carreño	the first time a woman composer

3. Que pasou con Teresa Carreño profesional cando regresou a Venezuela invitada polo seu presidente?

4. Quen convidou a Cécile Chaminade a Inglaterra despois do éxito do seu primeiro concerto? ¿Onde máis se fixo famoso como concertista?

5. Cécile Chaminade foi coñecido, sobre todo, polas súas composicións e polo que foi composicións vocais con acompañamento de piano.

6. As cinzas de Teresa Carreño foron levadas ata onde descansan no Panteón Nacional, levando, o Complexo Cultural de Caracas, o seu nome.

Actividade final

Os dous grupos prepararán un mural onde se recolla a información máis importante das tres músicas ilustrada polas fotos que imprimiron.

Elaboramos unha lista de música galega especificando se son compositores, cantantes de que estilo, mulleres solistas do folclore galego, etc.

DE 12 A 15 ANOS

Actividade

Investiga as biografías de Fanny C. Mendelssohn Hensel, Teresa Carreño García e Cecile L. Stephanie Chaminade. Reflicte todos aqueles aspectos que atopas na súa vida nos que ser muller dificultou a súa dedicación á música.

DE 15 A 18 ANOS

Actividade

Para grupos mixtos de 4 estudantes, prepare un dossier con mulleres destacadas no campo musical do século XIX.

- A porcentaxe que atopan entre homes e mulleres é a mesma?
- Que pasos darían para subsanar estas diferenzas?
- Que diferenzas atopas entre os séculos XIX e XX?

PERSOAS ADULTAS

Actividade

Buscar información sobre as mulleres propostas. Poderon desenvolver seus coñecementos musicais nas cidades de orixe?, Con que dificultades se atoparon?. Debate sobre as dificultades atopadas por istas mulleres. Que houbera pasado ser foran homes?

XUÑO. SIGLO XX. COMPOSITORAS QUE ROMPEN MOLDES.

DE 0 A 3 ANOS

Actividade. "A orquestra. Sentir, oír, tocar e coñecer".

O alumnado cos ollos pechados escoitará a orquestra. Despois da audición sentámonos no chan e o mestre ou a mestra tocará os diferentes instrumentos dándolle despois istos ao grupo, para que os exploren. Tocarán os instrumentos todos xuntos e xunta. Recollémolo instrumental e sentados o mestre ou a mestre tocará os distintos instrumentos. Pasamos os instrumentos dun en un en un para que podan experimentar neles. Asignamos a cada persoa un instrumento para tocar e falaremos sobre as directoras de orquestra interesándonos por Giséle Ben Dor.

Visualizamos o vídeo agora cos ollos abertos. Ensinamos unha foto de e Giséle, deberán picara e pégase nunha cartoliña onde colocarán tódolos instrumentos a medida que traballamos.

Materiais: Instrumentos diversos, batuta, punzóns e corchos.

Metodoloxía: Activa e participante. Gran grupo

DE 3 A 6 ANOS

Actividade. "Directora por un día".

A directora de Orquestra. Giséle Ben Dor. Ensinámoslle unha foto de unha directora de Orquestra. Facemos as seguintes preguntas:

- Quen cres que é?
- A que se dedica?
- Que precisas para ser unha directora de Orquestra.

Materiais: Reprodutor de audio e vídeo, pauciños de comer chinos para facer a batuta.

Metodoloxía: Aprendizaxe por imitación. É convinte realizar esta actividade na sala de uso múltiples.

Actividade. “Eu tamén son directora de Orquestra”.

Repartimos paos chinos para que farán de batuta. O alumnado será directora de Orquestra por un día. Giséle

https://www.youtube.com/watch?v=NDm7gHPO-oU

Neste vídeo coñeceremos que fai Giséle. Posteriormente, imitarán os movementos de Giséle e na metade da proxección apagámola imaxe do vídeo deixando só o audio para que o alumnado se exprese libremente.

Actividade: A miña Orquestra

Conseguido ser directora queda facermos a nosa propia Orquestra. Debuxamos diferentes músicas e músicos da orquestra, recortarase cunha solapa por baixo.

Dóbranse pola solapa para poñelos en pé coándoos en cartón dispoñendo esta Orquestra por familias de instrumentos musicais. Debuxamos á directora para esta Orquestra e escribímolo nome de Gisele Ben-Dor.

DE 6 A 9 ANOS

Actividade. “Voar a planetas afastados”

Pinar Toprak naceu en Istambul e estudou en EUA. Traballou na banda sonora do famoso xogo Fortnite. Foi tamén a compositora da banda sonora de Capitana Marvel.

Actividade. “Debuxando a música”

Distribuímos papel de embalar de diferentes cores nunha mesa grande nunha esquina da aula. O alumnado escoitará sentado no chan e cos ollos pechados a BSO da película “Capitana Marvel”. https://www.youtube.com/watch?v=nHHuD8OnOjE

Pasado un tempo de escoita levantaranse cara á mesa onde está preparado o material para debuxar o que lle transmite esa música. Facemos isto con varias cancións e que deixen fluir o maxín. Explicamoslle que é unha BSO, que tipos de BSO hai e da compositora Pinar Toprak.

Actividade.”Debuxando a compositora”

Debuxamos un retrato da compositora Pinar e pegámolo nos cartaces feitos anteriormente. Escribímolo nome en grande xunto con información que dela averiguen. Escribimos frases curtas que tamén pegamos no cartaz.

Materiais: reprodutor de audio e vídeo, papel de embalar de diferentes cores, diferentes materiais de pintura: rotuladores, ceras, pintura de dedos...

Metodoloxía: cooperativa en grupo grande.

DE 9 A 12 ANOS

Actividade. "Rapeamos un poema para Rosa García Ascot"

Rosa García Ascot foi admirada por moitos intelectuais da súa época, a Xeración do 27. Entre eles, Federico García Lorca quen lle dedicou un poema. Empregamos este poema como texto para compoñer un Rap. Podes escoller como base musical calquera base rítmica que sexa do teu gusto. Hai moitas de distribución libre no Youtube.

Materias: Proxector e ordenador con conexión a Internet.

- Poema: http://poesiadelorca.eu/poemassueltos1/Enelcumplea%C3%B1osdeR.G/
- Música: https://www.youtube.com/watch?v=2Y2M-8JG_qY

Metodoloxía: Activa, participante. En grupos de 2 ou 3 persoas.

DE 12 A 15 ANOS

Actividade. "As esquecidas"

Coñecemos a Rosa María Ascot. Presentamos á autora na aula mentres escoitamos unha das súas composicións. Por grupos investigamos sobre a importancia da vida e obra de Rosa María Ascot. Coas achegas facemos unha posta en común. Posteriormente e individualmente escribimos un texto de 150 palabras sobre por que a sociedade machista empurra a algunhas mulleres ao esquecemento mentres encumbra os seus maridos.

Materiais: Visita estas páxinas:

- Anos máis tarde unha pianista grava un disco sobre a obra de Rosa María Ascot http://www.rtve.es/alacarta/videos/telediario/cien-anos-despues-pianista-recoge-disco-obra-rosa-garcia-ascot/3514952/
- As compositoras españolas: Rosa María Ascot.

  https://mujeryguitarra.wordpress.com/introduccion/las-compositoras-espanolas-de-obras-con-guitarra/rosita-garcia-ascot/
- Rosa María Ascot tivo un marido que non mingou a súa carreira. https://periodistas-es.com/eva-moreda-rosa-garcia-ascot-tuvo-un-marido-que-no-cerceno-su-carrera-113270

– Unha compositora? Déixame pensar...https://www.beckmesser.com/trabajos-discograficos-reivindican-compositoras/

Metodoloxía: Activa, participante. Pequenos grupos de tres o catro persoas.

Actividade. "Música electrónica e sintetizadores: Wendy Carlos"

O alumnado investiga:

– A vida e as obras musicais desta autora do século XX.
– A música electrónica
– A importancia dos sintetizadores na música.
– A transexualidade.

Obxectivo: Reflexionar o feito de que a obra máis famosa desta autora estivese tres anos de número 1 nas listas de ventas e obtivera 3 Premiso Grammy, porén, foi censurada e silenciada pola crítica.

Materiais. https://es.wikipedia.org/wiki/Wendy_Carlos

https://viciousmagazine.com/trans-encumbro-a-la-musica-electronica-wendy-carlos/

Metodoloxía: Activa, participante. Pequenos grupos de tres o catro persoas.

Actividade. "Visibilizamos"

Despois dunha posta en común facemos unha presentación ben en vídeo,en Powerpoint ou mural de cartoliñas para colocar nos corredores do centro.

Actividade. "Mulleres directoras de Orquestra: Gisèle Ben-Dor"

Presentamos á artista a tratar mentres escoitamos algunha das súas composicións. Investigamos por grupos a directoras de orquesta sinalando cousas salientables e importantes das súas carreiras. Durante todo o mes e cada semana de clases subiremos ás RRSS (Twitter, Facebook, Instagram) a foto dunha directora de orquestra e unha obra por ela dirixida incluíndo en que Auditorio e data do concerto. Tamén podes compartir unha frase de contido feminista dita polas directoras de

orquestra. Trátase de visibilizar pois o que non se ve e do que non se fala, non existe. Traballaremos co alumnado na búsqueda de referentes e como normalizar esta situación de desigualdade.

Metodoloxía: Activa, participante. Pequenos grupos de tres ou catro persoas.

DE 15 A 18 ANOS

Actividade. "Videoxogos e machismo"

Mentras soa a música de Pinar Tropak **(**Fortnite, Capitana Marvel, etc.), na aula presentamos brevemente a esta autora (dossier) e preparámolo debate. Moita xente di que hai machismo nos videoxogos. Que pensas? Abordaremos as seguintes cuesións:

- Reprodución de estereotipos.
- Hipersexualización dos protagonistas -maquismo no xogo-.
- As mozas saben xogar a Fortnite como os rapaces -maquismo na comunidade-.
- Insultos entre xogadores e xogadoras e viceversa. haterismo machista -.
- Elección aleatoria de personaxes.

Carga fotos e reflexións sobre as conclusións do debate nas RRSS.

Materiais: proxector, ordenador con conexión a Internet

Metodoloxía: Activa e participativa. Gran grupo. Debate dirixido: Consiste nun intercambio informal de ideas e información sobre un tema, realizado por un grupo baixo a dirección do profesorado. Aínda que se asemella a unha clase na que os estudantes están implicados en función de preguntas, caracterízase por:

- O tema escollido para o debate ten que ser cuestionable e dar lugar a diferentes enfoques ou interpretacións.
- O director ou directora de debate fará un plan de preguntas por escrito.
- O alumando coñece o tema con antelación para informarse e poder intervir na discusión con coñecemento.
- O número de participantes non supera normalmente os 20.

Actividade. Ti que opinas? Moitas persoas din que hai machismo nos vídeoxogos"

- Breve introducción a cargo da persoa que dirixe o debate.
- Formulamos a primeira pregunta e convidamos a participar. No caso que ninguén falase, podemos estimulalas preguntas anticipando algunhas respostas posibles. " Algunhas persoas opinan que…", " Alguén podería dicir…"
- A persoa que dirixe o debate non pode exercer presións. O importante non é obter a resposta esperada senón a elaboración mental e as respostas propias do grupo para conducir os razoamentos cara os obxectivos buscados.

- A persoa que dirixe o debate non debe entrar nel; a súa función é a de conducir, guiar e estimular o debate. Poderán xurdir, aportar elementos de informacion, alumar confusións e contradicións pero Sen compromenterse nos puntos de vista.
- Antes do remate do debate debe chegarse a unha conclusión ou a un certo acordo sobre o debaido. Non pode cortarse o debate sen antes ter feito un resumo coas argumentacións e extraer o positivo dos diversos aportes.

Materiais: Artigos para o debate:

- Está arruinando o sexismo o xogo que volve tolo a medio planeta? https://smoda.elpais.com/moda/actualidad/fortnite-sexismo-battle-royale-videojuegos/
- Videoxogos e sexismo. http://www.mujeresenred.net/spip.php?article468
- Videoxogos sexistas. Qué aprenden nosas e nosos fillos e fillas? http://www.generandoigualdad.com/videojuegos-sexistas-que-aprenden-nuestros-hijs/
- Sexismo dixital, o calvario das gamers
- https://www.elmundo.es/yodona/lifestyle/2017/07/31/59785442ca474198218b4667.html
- As mulleres gamers heille doado: «Os videoxogos non teñen xénero» https://www.gaymer.es/es/2019/01/las-mujeres-gamers-lo-tienen-claro-los-videojuegos-no-tienen-genero/

Metodoloxía: O debate pode acadar bos resultados en encontros de 45 a 60 minutos. É convinte evitar as preguntas que teñan por contestación si ou non. Non se buscan respostas fixas senón relacións e interpretacións. O debate dirixido é de doada aplicación na aula. Préstase para a aprendizaxe de contidos xerais ou seguindo un programa de estudo. Esta técnica leva máis tempo que o estudo habitual das leccións. Porén, estimula o pensamento crítico, a análise, o traballo colectivo, a comprensión e a tolerancia.

PERSOAS ADULTAS

Actividade. “ Debate”

Lemos e debatemos sobre este fragmento das memorias de Rosa Garcia Ascot. Como punto de partida e tendo en conta o tempo en que viviu, facémonos a seguinte pregunta: ¿Por que esa auto-infravaloración da súa capacidade compositiva?

"*Cando casei, durante unha pequena tempada, deixei a composición. Buscaba desculpas fáciles para xustificalo: teño menos tempo, estou casada ... Que tontería! Non deixei de compoñer porque a Xesús non lle gostaba o meu abandono. - "Continúa, non sexas así" - díxome. Non obstante, reducín moito cando escoitei as súas cousas, porque me dixo: Este home sabe e é un compositor de verdade e son unha anana. É verdade. Pero eu non estaba ciumosa del, pero vinno como era, como*

un xigante ao meu lado, pero que non me facía sombra porque era un xigante que me protexía e me empuxaba. “

XULLO: SÉCULO XX. GOSPEL BLUES. JAZZ. FUNKY. AQUELAS MULLERES NEGRAS QUE ROMPERON REGLAS E A SÚA INFLUENZAS

DE 0 A 3 ANOS

Actividade. "A move-lo esquelete!"

Ao comezo da unidade presentamos unha canción escrita con pictogramas que cantaremos tódolos días para aprende-la e logo representa-la con xestos e movementos, coa intención de pasa-lo ben e traballa-las habilidades psicomotrices, a linguaxe musical, a expresión de corpo e a memoria. A canción é "Good morning!" de Dàmaris Gelabert.
https://www.youtube.com/watch?v=nsCyC9XpIew.

Actividade. "3 , 2, 1 ... A Bailar!

Coñecemos a importancia de facer exercicio e que bailar é unha forma de expresar como nos sentimos, se estamos tristes ou ledas. O movemento do noso corpo faino visible. Por iso, imos move-las distintas partes do noso corpo libremente ao ritmo do Soul, ou Jazz ou o Blues coas cancións das protagonistas do noso mes.

- Aretha Franklin. "*Think"* (Soul): https://www.youtube.com/watch?v=hsL9UL9qbv8
- Concha Buika. "*Mi niña Lola"* (Jazz Fusión): https://www.youtube.com/watch?v=Gu9Qm4Uvibc
- Rosetta Tharpe. "U*p Above My Head"* (Gospel e Rock): https://www.youtube.com/watch?v=JeaBNAXfHfQ
- Sheila Blanco: "*Puro Gershwin"* (Bogui Jazz): https://www.youtube.com/watch?v=yNnALYULA5c

Para completa-la actividade repartimos instrumentos para que as crianzas toquen maracas, triángulos, etc. Tocamos pulsacións ao compás da música.

DE 3 A 6 ANOS

Actividade. "A move-lo esquelete!"

Ao comezo da unidade presentamos unha canción escrita con pictogramas que cantaremos tódolos días para aprende-la e logo representa-la con xestos e movementos, coa intención de pasa-lo ben e traballa-las habilidades psicomotrices, a linguaxe musical, a expresión de corpo e a memoria. A canción é "*Los días de la semana*" de Dámaris Gelabert. https://www.youtube.com/watch?v=9X7906XhRbQ.

Actividade. "3 , 2, 1 ... A Bailar!



Coñecemos a importancia de facer exercicio e que bailar é unha forma de expresar como nos sentimos, se estamos tristes ou ledas. O movemento do noso corpo faino visible. Por iso, imos move-las distintas partes do noso corpo libremente mentres bailamos a Buika e ao ritmo do Soul, ou Jazz ou o Blues coas cancións das protagonistas do noso mes.

- Aretha Franklin. "*Say a little prayer"* (Jazz I Bossa nova)
- https://www.youtube.com/watch?v=KtBbyglq37E
- Concha Buika. "*Soledad"* (Jazz fusión): https://www.youtube.com/watch?v=4znjYmbTN20
- Rosetta Tharpe. "*That's all* "(Blues): https://www.youtube.com/watch?v=l9bX5mzdihs
- Sheila Blanco. "*Puro Gershwin"* (Bogui jazz): https://www.youtube.com/watch?v=yNnALYULA5c

Despois do baile, en asemblea, preguntámoslle as seguintes cuestións:

- Como lles pareceu a canción, leda ou triste? Por que?
- Gustoulles?
- Atrevevémonos a canta-la? Cada persoa di unha frase e vanse enlazando. Podemos acompañar a esta persoa con palmas ou percusión de man ou bater nas diferentes partes do corpo.

Actividade. "Os instrumentos musicais"

Esta actividade consta de dúas partes: unha práctica e outra reflexiva.

1ª parte. Dibuxar e colorear un instrumento musical en cartoliñas e recortalos . Pode servir de guía o seguinte enlace: https://www.pictosonidos.com/categoria/los-instrumentos-musicales/9 . Guitarra española, guitarra eléctrica, violín, frauta, piano, batería, trompeta, pandeireta, tambor, saxofón, maracas, arpa, harmónica, etc.

Facer 3 listas onde o alumnado clasifique os instrumentos que pensa que son máis axeitados para a muller, para o home ou ámbolos dous.

2ª parte. Reflexións:

- Gústouche a música? Por que? Pensas que hai diferentes gustos musicais entre rapazas e rapaces?
- Que requisitos ou habilidades pensas que hai que ter para tocar un instrumento?. Haberá diferentes habilidades nos rapaces que nas rapazas?
- Ao escoitaren un instrumentos, es quen de saber se o taca un home ou unha. muller?
- Cres que a música feita por homes é de maior calidade que o feito polas mulleres?

Obxectivo: Deixar claro que a música non ten xénero e calquera persoa pode facer o que prefira e tocar o instrumento que máis lle gusta. Comprender que a calidade da

música non depende de ser home ou muller senón das habilidades persoais que non teñen que ver co xénero.

Despois do baile, preguntámoslle as seguintes cuestións:

- Como lles pareceu a canción, leda ou triste? Por que?
- Gustoulles?
- Atrevevémonos a canta-la? Cada persoa di unha frase e vanse enlazando. Podemos acompañar a esta persoa con palmas ou percusión de man ou bater nas diferentes partes do corpo.

DE 6 A 9 ANOS

Actividade. "Pequena e grande. Ella Fitzgerald"

1ª parte. Sesión de contacontos sobre mulleres músicas. O conto "Pequeña & Grande: Ella Fitzgerald". María Isabel Sánchez Vergara. Editorial Alba, 2017.

2ª parte. Facemos títeres que saen no conto. Empregaremos materiais de manualidades (calcetíns de algodón, pinturas para textiles, goma Eva, cartoliñas, autocoante, etc.)

3ª parte. Representación do conto cos títeres. Tamén podemos representar e bailar as cancións de Ella Fitzgerald.

- All the things you are. https://www.youtube.com/watch?v=opapxr8gvga
- Night and day. https://www.youtube.com/watch?v=pem_63_p0cy&list=rdemma8jjifiradymouwssov6g&index=9
- All of me. https://www.youtube.com/watch?v=1jajtnlhlfk&list=rdemma8jjifiradymouwssov6g&index=13

Actividade. "Sofía, a vaca que amaba a música"

Contámolo conto *"Sofía, a vaca que amaba a música"* proxectando como apoio o vídeo de Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=dduzyncjefi. Este vídeo trata dos obstáculos que atopa a protagonista, unha vaca pianista, para atopar un traballo por mor de diferentes motivos discriminatorios. Rematado o conto preguntamos as seguintes cuestións:

- Por que motivos é discriminada Sofía?. Por ser herbívora?. Polo pouco peso?. Pola súa altura? Por ser baixiña?. Pola cor da pel?.
- Que lle pasa a Sofía por mor disto? Enfádase e desanímase porque ve que non ten oportunidades para mostrar que toca ben o piano?. E que lle din?.
- Despois atópase co can Thelomius. Que lle di?. Que deciden facer?. Que pensas das discriminacións?.

Sacamos conclusións sobre o falado deixando mostrado que ningunha discriminación está xustificada e que na vida real normalmente as nenas e mulleres sofren

discriminicacións polo feito de ser mulleres no mundo da música. Que podemos facer para evitar esas inxustizas?.

DE 9 A 12 ANOS

Actividade. "Onde xurdiu o Jazz ?"

Falamos sobre esos estilos musicais (Jazz, Soul, Blues e Góspel), onde naceron, as características máis salientables.
Sobre os estilos musicais podedes buscar información nos seguintes enlaces:

- Xéneros musicais:http://algarabianinos.com/sin-categoria/5-generos-musicales/
- Blues: https://www.youtube.com/watch?v=3v0c3EfXOGQ
  https://es.wikipedia.org/wiki/Blues
- Jazz: https://es.wikipedia.org/wiki/Jazz
- Soul: https://es.wikipedia.org/wiki/Soul
- Funk: https://es.wikipedia.org/wiki/Funk

Facemos un Lapbook en pequenos grupos de 3 ou 4 de un dos xéneros musicais protagonistas do mes.

Actividade. " Tiana e o sapo"

Contextualizamos o estilo de música Jazz visionando a película de Disney, "Tiana e o sapo" que ten por BSO, música Jazz. Este estilo impregna a película de ritmo na acción e axuda a caracterización dos personaxes. De ser moi longa para ver podemos traballar as seguintes cancións:

- "Benvidos a Nueva Orleans": https://www.youtube.com/watch?v=uAv8Si-72as
- "Si humano fuera ya": https://www.youtube.com/watch?v=jAg694BwBLE
- "Hay que saber llegar al fondo": https://www.youtube.com/watch?v=ZkqSPfikalo

Buscade información sobre mulleres galegas que canten ou toquen Jazz, Blues, Soul ou Gospel (música espiritual). Facemos un mural na aula coa información atopada. Podes visitar esta páxina de Facebook onde aparecen un cento de mulleres galegas músicas ilustradas. https://www.facebook.com/musicasgalegasilustradas/

DE 12 A 15 ANOS

Actividade. "As cancións sexistas"

Escoitamos na aula diferentes cancións poñendo especial interese á letra e as imaxes do vídeo. Facemos grupos de 3-4 persoas que comentarán e farán unha reflexión argumentada sobre as cancións propostas, analizando as seguintes cuestións:

- Que sintes cando escoitas estas cancións?
- Que visión da muller da? E do home?
- Que pensarías se estas cancións estiveran cantadas por mulleres?

Abrimos un debate sobre o machismo e a cosificación da muller nestas cancións e a súa relación coa desigualdade e violencia que exerce sobre estas.

As cancións propostas son:

- **"**4 babys" Maluma". https://www.youtube.com/watch?v=oxq-jp8w5h4
- "Pégala, azótala" Trebol Clan. https://www.youtube.com/watch?v=3hdtf5nn_n4
- "La muda" Cale & Lo Dandee. https://www.youtube.com/watch?v=2zqxk9023lk

Actividade. "Respect"

O artigo que propoñemos para a súa lectura conta a evolución da canción "Respect" que escribiu Otis Redding e como con Aretha Franklin muda o sentido desta. Reflexiona sobre os cambios físicos e sociais e do xeito de pensar das mulleres e homes dos finais dos anos 60.
https://www.lavanguardia.com/cultura/20180816/451338423708/historia-original-cancion-respect-aretha-franklin.html

Actividade. "A lista da compra"

Anota no teu caderno unha lista sobre cousas que cambiaron nos tempos: as mulleres traballan fóra da casa, os homes coidan dos fillos e fillas, repartición das tarefas da casa, os homes e as mulleres van a compra…

Prepara as seguintes respostas con argumentos válidos e contrastados:

En que porcentaxe realizan as tarefas anteriores homes e mulleres? Consulta en Internet e consúltao coa túa familia. Comentamos os resultados na aula. ¿Pensades que a igualdade entre homes e mulleres é real? En que porcentaxe realizan as tarefas anteriormente citadas homes e mulleres? Poden consultalo coa familia ou persoas achegasdas. Comentade o resultado na aula entre todos e todas.

DE 15 A 18 ANOS E PERSOAS ADULTAS

Actividade. "Mulleres directivas da industria musical"

Visionamos “Mulleres da Música” (trailer). Documental directivas de la industria musical en España. Duración 4’53” https://www.youtube.com/watch?v=krmq5tveqpc Contestamos as seguintes cuestións en grupos de 3 ou 4 logo de debatila nos grupos

- Consideras xusta esta situación?
- Cales son os motivos que indican as entrevistadas como causas desta situación?
- Que podemos facer para mellorar a situación?

No debate debemos aclarar conceptos básicos en relación á discriminación de xénero (estereotipos de xénero, roles de xénero, fenda de xénero, fenda salarial e a paridade). Podemos facer referencia ao marco legal da Igualdade de Oportunidades estatais e de Galicia:

Ámbito estatal. A Constitución Española, artigos 9.2 e 14 e a Lei orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

En Galicia, Lei 7/2004, de 16 de xullo para a igualdade entre mulleres e homes en Galicia e Lei 11/2007, de 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en Galicia.

Actividade. “A fenda salarial no sector musical”

A desigualdade feminina na música. Realizamos unha lectura individual do artigo proposto que atopamos na prensa dixital. https://mujeresymusica.com/la-brecha-de-genero-en-el-sector-musical-reportaje/

Xa lido o alumnado escribe sobre as seguintes cuestións:

- Que é a fenda de xénero?
- A que atribúen a presenza destas desigualdades?
- Por que se pensa que as mulleres teñen preferencia por determinados instrumentos?
- Como inflúen os roles de xénero nestas desigualdades?
- De que xeito podemos cambiar esta situación de desigualdade?

AGOSTO: SIGLO XX. POP.ROCK.TECNO. AQUELES MARABILLOSOS ANOS

DE 0 A 3 ANOS

Taller. “As mulleres na música”

As actividades presentadas para o ciclo de 0 a 3 anos están deseñadas como un taller que lle da sentido ás mesmas. Este taller terá unha duración, cando menos dun trimestre ou incluso todo o curso.

O **obxectivo** principal é visibilizar cara ás crianzas a presenza das mulleres na.

Desenvólvese dedicando un tempo específico (ex.: unha hora á semana) para facer as seguintes actividades presentando, escoitando, visualizando diversas mulleres que adicáronse á música ao longo do tempo. Propoñemos que os estilos musicais sexan variados.

Actividade. “Pintando a música” (para 2-3 anos)

En asamblea preséntase ás crianzas o vídeo que visionaremos de Cyndi Lauper. https://www.youtube.com/watch?v=WGU_4-5RaxU&list=RDPIb6AZdTr-A&index=2.
Narrámoslle que é unha rapaza que canta unha canción moi bonita para bailar.

Mentres bailan poñemos no chan da aula un trozo de papel continuo (mellor polo lado non satinado para evitar resbalóns) o través de todo o espazo. Rematado o vídeo sacamos bandexas con pinturas de diferentes cores e pedímoslle ás crianzas que quieten o calzado e os calcetíns.

Mollámolos pés coa pintura e cando soe a música bailamos sobre o papel “pintando a música cos pés”. Pararemo-la música para mollar de novo os pés e voltaremos ao baile cando a música soe outra vez. Repetimos varias veces ata que finalice a canción. É importante acompañar ás crianzas sen forzar seus movementos e animándoos para que sexa unha actividade pracenteira.

Rematado penduramos o noso “Cadro musical” na parede e falamos sobre o que fixemos, sobre a muller que canta, como se chama, como fala e preguntamos se foi do seu gusto.

Actividade. “Móvome coa música” (para 2-3 anos)

Para esta actividade é preciso ter espazo na aula. Facemos unha presentación da canción que van escoitar. “Alma de blues” https://www.youtube.com/watch?v=dh85tmfFwUo. Contámoslle que foi composta por unha muller chamada Soledad Giménez que é do pobo de Iecla en Murcia. Nas súas composicións escoitamos falar á voz dunha muller.

Apagámola luz, corremos as cortinas e quitámolo calzado. Explicámoslle ás crianzas que imos movernos ao son da música, mais farémolo en silencia, camiñando polo espazo e sen chocar cos e coas demais. Visionámolo vídeo e animamos ás crianzas a moverse ao ritmo da música. Ao terminar a música sentámonos e falamos sobre o que fixemos e como se sentiron.

Esta actividade tamén pode senvolverse en grupo de crianzas con 1 e 2 anos adaptándoa. Seu nivel de linguaxe é menor e é difícil manter unha conversación en grupo, porén podémola substituír por unha narración a cargo dunha persoa adulta.

DE 3 A 6 ANOS

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA TODO O CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Actividade. “Pequeno proxecto “ Sole”

Duración: 1 semana, 5 sesións.

- Presentamos a Soledad Giménez, e o grupo ao que pertencía: “Presuntos Implicados” o proxecto "Avanzados", un proxecto co que se lanzou un disco no que se coñeceron moitas artistas españois (Mari de Chambao, Estrella Morente, Leonor Watling, ...) co que se pretendía dar voz e visibilidade ás mulleres que día a día traballan con xustiza e dignidade para mellorar o mundo e o seu último disco en solitario "Mulleres da música". Todo isto a través de fotografías e vídeos.

- Pintamos a música: escoitamos a canción "Living" versionada por Sole no seu álbum "Mulleres da música". É unha audición moi especial, xa que imos usar a pintura, pegamos as paredes de papel branco continuo e os alumnos están a pintar, ao escoitar esta canción, libremente coas mans.

- Coñecemos as historias de Soledad Giménez: a través dun sinxelo conto elaborado polos titores e titoras no que se explica a historia dunha moza que quería escribir cancións, cantalas e tocar instrumentos, intentouno e conseguiuno. Visionamos vídeos de concertos co grupo co que comezou, cando decidiu ir en solitario e o proxecto de "Avanzados" xunto con outras moitas mulleres. Resaltamos nesta pequena historia a idea de que con esforzo e entusiasmo podemos conseguir o que nos propuxemos facer.

- O nome: Soledad (aprendemos a recoñecer e intentar escribir, segundo o nivel, este nome a través de diferentes recursos: encerado, letras magnéticas, cartas, xogos de letras con velcro ...)

- Coñecemos a profesión da música e da compositora: que fan? Que materiais empregan? Cal é o teu traballo? Estamos a realizar actividades de investigación sobre esta profesión. Para iso pedimos axuda e colaboración das familias.

- O concurso das estrelas: facemos un xogo no que dun xeito voluntario as nenos e nenas poden saír a cantar, bailar ou tocar un instrumento (teclas de tipo sinxelo, castañas, ...). Realizamos esta actividade no patio, para tódolos niveis xuntos. É a actividade final.

Case todas as actividades leváronse a cabo na asemblea en gran grupo de cada aula e a actividade final levouse a cabo no parque infantil con todos os niveis xuntos.

DE 6 A 9 ANOS.

Actividade. "Voces de muller"

Materiais: Sete fotografías A-4 de mulleres músicas: Aretha Franklin, Tina Turner, Cyndi Lauper, Rihanna, Beyoncé, Jennifer López, Amy Winehouse. Tres videos: YouTube

- Cyndi Lauper - Girls Just Want To Have Fun (Official Video)
- Aretha Franklin - Respect [1967] (Original Version)
- Tina Turner- The Best 1989 (Peter's Pop Show)

Actividade. Consta de tres sesións.
Na asemblea de clase propoñemos xogar coa música. Esta vez trátase de escoitar unha canción e bailala libremente, pero prestando atención á música. En cada sesión escoitaremos e bailaremos a unha muller: Cyndi Lauper, Aretha Franklin e Tina Turner.
Mentres estamos bailando, colgamos as sete fotos das mulleres mencionadas anteriormente con pinzas.
Despois do baile formamos catro grupos. Os grupos teñen que ser heteroxéneos. Cada grupo elixe a foto dunha das mulleres expostas. Xoga a definilos utilizando adxectivos que fan referencia á súa aparencia física e voz. A continuación, unha voceira defínea en voz alta. Así, os catro grupos. Cando rematamos, vemos o vídeo para poñerlle cara á muller que cantou.
Volvemos á estrutura de montaxe e compartimos o que sentiron, se lles gustou a voz, se así o imaxinaron ... O profesor ou a profesora falan da súa traxectoria musical para que entendan o famosos que son. A idea é romper os estereotipos e modelos dos cantantes de moda e que vemos con frecuencia na televisión e en YouTube.
Como actividade final, debuxamos á artista e aprendemos a poñerlle o nome. Finalmente, volvemos a bailar a túa canción.

Metodoloxía. É activa, experiencial e moi participativa. Combina o traballo en gran grupo (montaxe), pequeno grupo (grupo cooperativo) e individual.

DE 9 A 12 ANOS

Actividade."Voces de muller"

Materiais: Siete fotografías A-4 de mulleres músicas: Aretha Franklin, Tina Turner, Cyndi Lauper, Rihanna, Beyoncé, Jennifer López, Amy Winehouse.

Tres videos: YouTube

1-Cyndi Lauper - Girls Just Want To Have Fun (Official Video)
2- Aretha Franklin - Respect [1967] (Original Version)
3- Tina Turner- The Best 1989 (Peter's Pop Show)

Actividade. Consta de tres sesións.
En asemblea de aula propoñemos xogar coa música. Esta vez tratamos de escoitar unha canción e baila-la de xeito libre, prestando atención á música. En sesión escoitaremos e bailaremos a unha muller: Cyndi Lauper, Aretha Franklin e a Tina Turner.
Mestres bailamos colgamos con pinzas en clase as 7 fotos das mulleres antes citadas. Tralo baile formamos 4 grupos. Os grupos han ser hetereoxéneos. Cada grupo escolle a foto das mulleres expostas. Xogamos a definilas usando adxectivos en inglés (coordinámonos co mestre e mestra de inglés) que fagan referencia ao seu aspecto físico e a súa voz. Logo, unha portavoz defínea en voz alta. Así cos catro grupos. Cando rematamos, visionamo-lo vídeo para poñer cara á muller que está a cantar.
Cada grupo buscará a biografía das tres mulleres para facer unha composición mural na aula co resultado dos traballos dos grupos.
Trátase de que valoren o grande traballo e a fama destas mulleres nas que é máis importante a súa música e a súa voz que seu aspecto físico.
Cada grupo traduce do inglés un fragmento da canción, preferentemente do retrouso.
A actividade final consiste en crear un baile con ritmo e palmas da canción que maioritariamente vote a aula; para iso coordinámonos coa mestre e o mestra de música e empregaremos outros espazo máis lúdicos como os recreos, ademáis da aula.

Metodoloxía: ´E activa, inclusiva e participante. Conxuga o traballo en grupo grande (asemblea), en pequenos grupos (grupos cooperativos) e individual. Son actividades que poñen en xogo tódalas habilidades e destrezas persoais e o suficientemente abertas para que todo o alumnado poda participar.

DE 12 A 15 ANOS

Actividade. “Flashmob”

O alumnado debe asistir á sesión cun complemento no seu vestiario que lembre a época dos 80. Debemos conseguir unha voluntaria que asuma o rol de cámara e ensaiar a porta en escena do flashmob coa canción “*Girls just want to have fun” de* Cindy Lauper. Deixamos ao alumnado que tome decisións en grupo sobre a coreografía e posta en escena, encargándose o profesorado en axudar nos momentos concretos. Suxerimos á idea que comece a gravación como si estiveramos nunha sesión de aulas habitual, comezando de súpeto a soar a canción, as alumnas sorprendidas miranse entre elas, pregúntanse, buscan a orixe do son e rematan bailando ao ritmo da música.

Materiais: móbil con cámara e complementos de vestiario.

Actividade. “Pila et lucibus ludendo”

Comeza a aula e o xogo. Dicimos dúas oracións en latín que serven de presentación das mulleres músicas propostas para o mes de agosto. Por exemplo, "*Hodie tres cantrices discemus. Prima cantrix Leslie Sue Goldstein est, secunda Cynthia Ann Stephanie Lauper, tertia Soledad Giménez".*

Repetimos as dúas oracións e sen traduci-las facemos unha pregunta en latín sobre as mesmas. Por exemplo, "Quot cantrices hodie discemus?. Lanzamo-la pelota á alumna que deba contestar. Tras responder en latín ésta lanzará de novo a pelota á profesora que repetirá o procedemento con outra pregunta e alumna. Co xogo de repetición á metade de sesión o alumnado haberá memorizado o vocabulario novo e a información sobre as mulleres músicas. Divididos en grupos de cinco facilitámoslle un pulsador luminoso, facendo unha afirmación en latín nde falle a última palabra para completar a mesma, e un grupo que saiba a palabra que omitiuse deberá pulsa-lo e facer que a luz se prenda. Se acerta consegue un punto. Se falla non participará na seguinte rolda e deberá encargarse de realizar a seguinte afirmación en latín en vez da profesora.

Materiais: pelota pequena e pulsadores luminosos.

Metodoloxía: método de aprendizaxe inductivo-contextual, coñecido como método Orberg.

DE 15 A 18 ANOS

Actividade. "Non te pertenezo"

Comezamos a sesión captando a atención do alumnado escoitando unha canción actual de carácter feminista que coñecen ben como é " Lo malo" de Aitana e Ana Guerra https://www.youtube.com/watch?v=MTDVBGGIfmg. Faremos unha posta en común aportando que é o que expresa a canción, que cren que reivindica. Na pizarra iremos poñendo ao xeito de choiva de ideas as reflexións do alumnado.

Seguidamente preguntámoslles: Cres que no pasado compuxéronse cancións de carácter feminista? Coñecedes algunha? Cres que as súas reivindicacións eran moi diferentes ás que actualmente fan as feministas? Novamente faremos unha posta en común coas súas aportacions. Como exemplo proxectaremos o tema "You don´t own me" de Lesley Gore, subtitulado en español: https://www.youtube.com/watch?v=p1-Jr_JFI48. Ao finalizar, explicámoslles que este tema é de 1963 e trataremos de colocarnos na pel da muller que na década dos anos 60 tivo a valentía de dicir en alto e claro "Non te pertenezo" . Buscaremos simiitudes entre a mensaxe lanzada por Leslye Gore fai máis de 50 anos e a de Aitana e Ana Guerra. Marcaremos na chovia de ideas que fixemos na pizarra aquelas que son son coindentes.

Materiais: Equipo informático, proxector, altafalante e pizarra.

Actividade. "Sempre a mesma canción"

Comezamos a sesión visionando o vídeo da canción "Girls just want to have fun" de Cindy Lauper subtitulado en inglés e español:https://www.youtube.com/watch?v=CAQkox_fFsE. Preguntaremos ao alumnado se escoitaran este tema anteriormente. Explicarémoslles que Cindy Lauper lanzou este

tema en 1983. Pedíronlle que escriban nun papel o que lles transmitiu a canción. Lanzamos preguntas como: Por que nos anos 80 habia que reivindicar que as mulleres tamén querían divertirse cando terminaba a xornada laboral? ou, Que significa que quere ser a que pasee ao sol?

Mentres escriben as súas reflexións amenizaremos cunha versión do citado tema de Russian Red: https://www.youtube.com/watch?v=P4KePgtrJhA. Cando rematen a canción pedirémoslles que fagan unha posta en común coas súas ideas. Enlazaremos preguntándolles porque cren que un tema dos 80 foron tan versionados. Entre as súas respostas seguramente pareza que o tema que trata é atemporal, por desgracia, segue sendo preciso reivindicar que as mulleres teñamos dereito a saír e divertirno con total liberdade.Reflexionaremos sobre esta cuestión incidindo en que hoxe, afortunadamente, non está mal visto que as mujeres salgamos, porén, non temos garantia a nosa seguridade, o cal coarta nosa liberdade. Recomendámoslle que cada 6 horas hai unha denuncia por agresión sexual no Estado Español e que lamentablemente prodúcense con maior asiduidade violacións en grupo. Profundizaremos sobre os comentarios frívolos que por desgracia escoitamos en distintas tertulias cuesionando á vítima, que se iía vestida dun xeito ou de outro ou se non ía acompañada a tales horas…En nengún caso, leva a vestimenta que leve, ou sexa hora que sexa nunca estará xustificado unha agresión sexual. As mulleres somos ciudadás de pleno dereito, e, por tanto, debermos ter os mesmos dereitos que homes, tamén no ámbito do ocio. Rematamos con outra versión do tema de Starfucker: https://www.youtube.com/watch?v=UodDJEE49V0. Mentre na pizarra escribiremos: Canto tempo seguiremos cantando a mesma canción?

PERSOAS ADULTAS

Actividade. “Son compositora”

Empregamos como base as declaracións de l Soledad Giménez para diario “20 minutos” do pasado 20 de marzo de 2019:

https://www.20minutos.es/noticia/3591904/0/sole-gimenez-mujeres-siempre-relegado-rol-cantantes/

